



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2021

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Abril 2021


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 88,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 57,3%.
- No Comercio incrementa a facturación o 94,5% e nos Outros servizos o 71,0%.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,0% e en España un 0,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran incrementos do persoal ocupado agás Illes Balears e Canarias.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un incremento do 88,2% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en máis de 30 puntos á do conxunto do Estado, 57,3%.



O *Comercio*, cun crecemento do 94,5%, achega 67,1 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 71,0% e achegan 21,1 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* aumenta o 63,2% e nos *Outros servizos* o 45,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* crece o 112,5%, co que achega 53,6 puntos a taxa de variación do índice xeral, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta un 300,6% e achega 4,5 puntos e o *Comercio ao retalho* medra un 39,3% e achega 9,0 puntos. A nivel nacional, a *Venta e reparación de vehículos de motor* crece o 414,9%, o *Comercio por xunto* o 55,4% e o *Comercio ao retalho* o 44,5%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 71,0%. Os sectores que amosan mellor comportamento son o *Transporte*, cun crecemento do 98,7%, con que achega 16,5 puntos e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* que crecen un 34,4% e achegan 2,5 puntos. A taxa máis elevada rexístrase na *Hostalería*, 1.868,6%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 45,8%. Os maiores crecementos rexístranse na *Hostalería*, 792,8% e no *Transporte*, 49,4%.

Nos catro primeiros meses do ano, a facturación no sector servizos crece un 15,5% en Galicia. O *Comercio* crece un 15,4% e os *Outros servizos* un 16,1%. A *Hostalería* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os únicos sectores con taxas negativas, -33,3% e -12,6% respectivamente.

En España a facturación no sector servizos aumenta un 7,0%; no *Comercio* crece un 11,8% mentres que nos *Outros servizos* diminúe un 2,3%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 85,7% no mes de abril.

Os sectores que máis contribúe a este incremento son o *Comercio*, o *Transporte* e a *Hostalería*, con taxas do 91,1%, 87,8% e 1.889,1% respectivamente.


Nos catro primeiros meses do ano, o índice rexistra unha taxa do 7,0%. O *Comercio* e o *Transporte* amosan as taxas máis altas, 17,4% e 31,0% respectivamente, mentres que *Hostalería* e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* rexistran taxas negativas, -31,8% e -1,8% respectivamente.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 86,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 86,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril en todas as comunidades autónomas incrementan a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores crecementos rexístranse en Galicia (88,2%), Castilla-La Mancha (67,5%) e Castilla y León (65,9%). Os menores incrementos rexístranse en Murcia (23,9%) e Extremadura (47,5%).

Nos catro primeiros meses do ano, quince comunidades rexistran taxas positivas, acadando as taxas máis altas Galicia (15,5%) e Castilla y León e Castilla-La Mancha (ambas 12,9%). Dúas comunidades amosan taxas negativas: Canarias (-12,8%) e Illes Balears (-12,2%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2021

Taxa de variación en %




2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,0% respecto ao mes de abril de 2020, 1,2 puntos máis que en España (0,8%).

O persoal ocupado aumenta un 0,8% no *Comercio* e un 2,9% nos *Outros servizos*. O maior incremento de emprego dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,5%). En senso contrario, a *Hostalería* perde o 3,6% do persoal ocupado e o *Comercio ao retalho* o 0,6%.



En España, o persoal ocupado crece un 0,3% no *Comercio* e un 1,1% nos *Outros servizos*. O único sector con descenso é a *Hostalería* (-5,8%).

Nos catro primeiros meses do ano, a ocupación diminúe en Galicia o 1,8% e en España o 3,0%. Tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* perden emprego; a maior caída dáse na *Hostalería*, -13,0% en Galicia e -13,4% en España.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas incrementan o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2020 agás Illes Balears (-10,0%) e Canarias (-4,4%). Os maiores incrementos rexístranse en Castilla – La Mancha e Navarra (ambas 2,9%).

No que vai de ano, todas as comunidades perden emprego. As maiores caídas danse en Illes Balears (-11,7%) e Canarias (-8,8%).

Índices de persoal ocupado. Abril 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	134,5	88,2	15,5
Comercio	136,3	94,5	15,4
Venta e reparación de vehículos de motor	95,5	300,6	37,5
Comercio por xunto	152,0	112,5	15,9
Comercio ao retalho	107,3	39,3	9,3
Outros servizos	128,9	71,0	16,1
Transporte	181,6	98,7	40,0
Hostalería	57,1	1.868,6	-33,3
Información e comunicacións	105,8	5,2	-2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	132,7	34,4	15,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	81,3	17,3	-12,6
España			
Xeral	111,0	57,3	7,0
Comercio	116,8	63,2	11,8
Venta e reparación de vehículos de motor	116,1	414,9	32,9
Comercio por xunto	124,6	55,4	11,0
Comercio ao retalho	101,7	44,5	7,7
Outros servizos	100,3	45,8	-2,3
Transporte	106,4	49,4	2,1
Hostalería	55,7	792,8	-25,6
Información e comunicacións	108,4	15,9	0,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	132,6	37,6	6,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	84,1	32,7	-12,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	119,8	85,7	7,0
Comercio	128,9	91,1	17,4
Transporte	186,5	87,8	31,0
Hostalería	58,9	1.889,1	-31,8
Información e comunicacións	106,6	3,7	-2,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	136,0	29,1	12,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,6	23,1	-1,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	111,0	57,3	7,0
Andalucía	111,7	48,3	6,3
Aragón	111,2	62,4	11,0
Asturias	109,3	58,8	9,4
Balears, Illes	71,2	56,3	-12,2
Canarias	79,0	64,5	-12,8
Cantabria	115,0	58,4	11,6
Castilla y León	108,1	65,9	12,9
Castilla-La Mancha	117,9	67,5	12,9
Cataluña	107,8	56,8	7,5
Comunitat Valenciana	114,5	52,0	9,2
Extremadura	118,1	47,5	7,7
GALICIA	134,5	88,2	15,5
Madrid	113,1	59,3	6,0
Murcia	121,2	23,9	3,7
Navarra	123,4	47,8	9,8
País Vasco	113,6	57,1	11,2
Rioja, La	129,7	58,4	11,6

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,9	2,0	-1,8
Comercio	107,2	0,8	-0,9
Venta e reparación de vehículos de motor	97,1	0,9	-2,4
Comercio por xunto	121,4	2,7	0,6
Comercio ao retallo	101,0	-0,6	-1,7
Outros servizos	101,4	2,9	-2,5
Transporte	101,0	1,8	-2,0
Hostalería	85,5	-3,6	-13,0
Información e comunicacións	110,6	4,1	2,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,9	3,4	1,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	113,2	10,5	4,4
España			
Xeral	103,0	0,8	-3,0
Comercio	104,0	0,3	-1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	103,0	0,0	-2,8
Comercio por xunto	108,9	0,8	-0,6
Comercio ao retallo	101,1	0,0	-2,3
Outros servizos	102,4	1,1	-3,8
Transporte	105,3	0,5	-2,0
Hostalería	87,2	-5,8	-13,4
Información e comunicacións	111,5	2,7	0,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,3	2,1	-0,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,8	7,0	0,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2021

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	103,0	0,8	-3,0
Andalucía	101,0	1,4	-3,3
Aragón	105,0	1,4	-2,4
Asturias	100,8	1,1	-1,9
Balears, Illes	88,1	-10,0	-11,7
Canarias	96,6	-4,4	-8,8
Cantabria	100,8	0,5	-4,2
Castilla y León	99,5	0,5	-2,9
Castilla-La Mancha	103,9	2,9	-1,1
Cataluña	104,8	0,9	-2,7
Comunitat Valenciana	104,5	1,2	-2,3
Extremadura	101,6	2,3	-1,8
GALICIA	103,9	2,0	-1,8
Madrid	105,1	1,6	-2,0
Murcia	111,0	1,3	-2,2
Navarra	103,8	2,9	-2,9
País Vasco	102,8	1,8	-1,5
Rioja, La	104,4	1,2	-2,2

Fonte: INE